



## PROXECTO ACADEMIA 2008-09

Academia é un proxecto europeo anual de mobilidade, dirixido aos profesionais da Orientación Profesional encadrado dentro do Programa Leonardo da Vinci. Está organizado polo Ministerio de Educación e Ciencia, a través do Centro Nacional de Recursos para a Orientación Profesional (CNROP), en colaboración coas Comunidades Autónomas.

**Prazas:** Na presente edición a Comunidade de Galicia ten asignadas 3 prazas, distribuídas nos seguintes países: Eslovenia, Francia e Luxemburgo. O idioma necesario será o inglés para Eslovenia e o francés ou inglés para Francia, para Luxemburgo precísase que a persoa domine dous dos tres idiomas establecidos inglés, francés e alemán . Seleccionarase un participante e un candidato de reserva para cada país.

**Duración:** A duración dos intercambios é dunha semana (5 días lectivos) incluída entre o 1 de febreiro e o 31 de maio de 2007.

**Financiamento:** A contribución financeira é dun máximo de 1000 euros para cubrir os gastos derivados (transporte, aloxamento e manutención), que será abonada unha vez finalizado o proxecto. Excepcionalmente poderase pagar ata 1500 euros, cando polo destino (viaxe e aloxamento), debidamente documentado, así se requira.

Pódese obter máis información na páxina de internet <http://www.academia-europe.eu> , onde se especifican os programas e as estadias (a partir do 4 de novembro, todos os países especificarán os seus programas nesta páxina).

### PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN DE CANDIDATOS

#### 1. CRITERIOS XERAIS DE PARTICIPACIÓN

Os candidatos deberán reunir as seguintes condicións (REQUISITOS):

Non ter participado no proxecto Academia en, a lo menos 3 anos anteriores.

Ser funcionario de carreira e estar en servizo activo.

Ser orientador, profesor de FOL ou membro do departamento de orientación, preferiblemente nos centros integrados de formación profesional, en centros onde se imparta formación profesional ou centros de secundaria.

Demostrar coñecementos do idioma de traballo (en Luxemburgo sería dominio de dous idiomas) cun nivel avanzado.

Formación e experiencia relacionada coa orientación.

Dominar as TIC. É obrigatorio ter e usar a cotío correo electrónico particular, xa que toda a comunicación do programa se realizará exclusivamente a través deste medio.

Os participantes deberán relacionar os países que se ofrecen por orde de preferencia, así como o programa elixido para o intercambio.

Como todo proxecto europeo, *Academia* xera unha ampla e complexa documentación, tanto en formato impreso como en formato electrónico, de obriga formalización por todos os beneficiarios.

Os beneficiarios teñen que usar a cotío o seu correo electrónico porque é o medio para contactar co país de acollida en Europa, coa axencia Leonardo e co CNROP-MEC. Calquera comunicación de academia chegará por este medio con aviso de recibo.

## **2. COMPROMISO DOS PARTICIPANTES**

Os participantes comprometeranse a:

Estar en permanente contacto co seu coordinador autonómico e co responsable de Academia no país de destino por medio do correo electrónico.

Preparar axeitadamente a estancia no país correspondente e ter a punto e dentro dos prazos establecidos toda a documentación necesaria para o bo desenvolvemento do programa.

Participar nos encontros organizados polo Ministerio de Educación e Ciencia e a Consellería de Educación de Galicia para comunicar as experiencias adquiridas (última semana de maio ou primeira de xuño).

Elaborar unha Memoria sobre o programa desenvolvido.

Cumprir cos requisitos que solicita a Axencia Nacional Leonardo (Contrato, Xustificación do gasto, Leopass, Informe da estancia, etc.)

## **3. PROCESO DE SELECCIÓN**

A selección dos candidatos será realizada tendo en conta os criterios xerais de participación, sinalados no punto 1 deste documento, ver apartado de baremo.

## **4. PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES:**

As peticións e documentación acreditativa dos méritos alegados deberán remitirse **antes do día 20 de outubro do 2008** ao seguinte enderezo postal:

Á atención de: Susana Marina Blanco Baluja.

Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais.

Servizo de Orientación Profesional e relación con empresas.

Edificio Administrativo San Caetano.

15781 Santiago de Compostela (A Coruña).

Tlf: 981 546543; E-mail: orientacion.profesional @edu.xunta.es